



CONCELLO DE RIVEIRA
Concellería de Cultura

CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN

VERÁN CULTURAL 2019



Período único de Preinscripción! Do 10 ao 23 de xuño de 2019

Cubriendo o Formulario ON-LINE da páxina web oficial do Concello de Riveira, a partir do 10 de xuño ás 9:30 h ata as 23:59 h do 23 de xuño ou de xeito presencial no Centro Cultural Lustres Rivas de Riveira, de 09:30 a 14:00, de luns a venres. **Información: 981 835650 – culturaefestexos@riveira.com**

* **NORMAS DE ADMISIÓN** aprobadas en XGL do 04/04/2019 e publicadas en www.riveira.gal

Segundo o art. 8 da LO 1/1982 de 5 de maio de dereito á imaxe, infórmase de que a organización poderá realizar imaxes para uso propio ou difusión desta programación. Respetaranse os dereitos recollidos na LO 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal e a LO 1/1996 de 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor.

- ✓ **CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “XOGA CON NÓS”** (do 01 de xullo ao 30 de agosto de 2019 en Riveira): 120 PARTICIPANTES nados de 2011 ao 1 de xullo de 2016.
Horario: de 09:00 a 14:00 h.
Prezo de Matrícula: 1 mes 60,00 € - 2 meses: 100,00 €
- ✓ **CAMPAMENTO MULTIDISCIPLINAR “VERÁN RECHINÁN”** (do 01 de xullo ao 30 de agosto de 2019) a celebrar nunha parroquia a determinar para as parroquias de Aguiño-Carreira-Castiñeiras e as parroquias de Corrubedo-Oliveira-Artes-Oleiros: 30 PARTICIPANTES nados de 2011 a 2015 por agrupamento parroquial. Horario: de 09:00 a 14:00 h.
Prezo de Matrícula: 1 mes 60,00 € - 2 meses: 100,00 €
- ✓ **CAMPAMENTO DE INGLÉS “CAMP OF CULTURAL SUMMER”** (do 01 de xullo ao 30 de agosto de 2019 en Riveira): 34 PARTICIPANTES nados de 2007 a 2011.
Horario: de 09:00 a 14:00 h.
Prezo de Matrícula: 1 mes 70,00 € - 2 meses: 120,00 €
- ❖ **Haberá servizo de Madrugadores (de 7:30 h a 9:00 h) e Xantar (de 14:00h a 16:00h) se o solicitan un mínimo de 10 e 25 participantes respectivamente. O prezo aboarase directamente á empresa responsable dos campamentos (Madrugadores: 3.65€/día; Xantar: 5.80€/día).**

Nota: Haberá un 20% de desconto no prezo da matrícula para persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade de ao menos un 33% e familias numerosas.

Orde de prioridade na reserva da praza no caso de encherse os cupos:

1. Participantes empadroados no municipio de Riveira (comprobarase administrativamente).
2. Proxenitor –pai/nai/titor- traballador en activo (terán que realizar unha declaración xurada e, de ser necesario, demostrarse con certificado de empresa ou documento similar)
*Considerarase tamén as persoas que xustifiquen documentalmente a busca activa de emprego ou realización de formación regrada.
3. Orde de inscrición (comprobarase pola data e hora da preinscrición no formulario online).

*** Reservarase un 10 % das prazas para emerxencia social!**

(estes participantes derivaranse dende os Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Riveira a través dun informe ou relación detallada elaborada polos profesionais da área.)

*** Admisión de participantes con diversidade funcional (presentando certificado oficial do grao de discapacidade):** As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos: - Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara. - Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa. - Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver. - Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade. - Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

Listaxes e admisión: O 25 de xuño publicarase a listaxe provisional de admisión e o 27 a definitiva. A matrícula farase do 28 de xuño ao 5 de xullo de 2019.